

COMPARATIVA SALARIO BASE 2006 + PRODUCTIVIDADE COA PROPOSTA ECONÓMICA DE XERENCIA 10/10/06

TÁBOA 1 SALARIO 2006

GRUPO	SAL. BASE 06	COMP. CAT. 06	PRODUCT 06	TOTAL
I	26.280,18	1.596,12	1.461,60	29.337,90
II	22.058,08	1.139,52	1.368,84	24.566,44
III	17.814,51	151,56	1.278,24	19.244,31
IV	15.195,05	161,16	1.187,52	16.543,73
V	13.653,16	0.00	1.187,52	14.840,68

TÁBOA 2 PROPOSTA XERENCIA (inclúe productividade)

GRUPO	SAL. BASE 06			TOTAL
I	30.090,00			30.090,00
II	25.575,00			25.575,00
III	19.875,00			19.875,00
IV	17.100,00			17.100,00
V	15.000,00			15.000,00

SUBA REAL DO IIº CONVENIO

GRUPO	DIFER TÁBOA 1-TÁBOA 2		INCREM. %
I	752,10		2,56 %
II	1.008,56		4,10 %
III	630,69		3,27 %
IV	1.231,27		7,44 %
V	159,32		1,07 %

Na táboa nº 1 sumamos ao salario de 2006 a paga de productividade (paga 2005 + 3 %) xa que o xerente na súa proposta (táboa 2) inclúe na súa totalidade este concepto. Na táboa nº 3 calculamos a diferenza entre o salario real de 2006 e a proposta de xerencia.

Se queredes comparar o salario base máis os complementos podedes facelo no calculanóminas (web 2º convenio).

Como se pode ver a xerencia está a aplicar unha estratexia de trilerio, ano e medio de negociación para obter este magro e aldraxante resultado.

CC OO considera que a paga de produtividade é un dereito consolidado polo colectivo laboral e polo tanto non é negociable, CC OO segue a defender todos os puntos da súa proposta:

1. A Universidade ten que pagar os atrasos íntegros dende o 1 de xaneiro de 2005 e a parte que corresponda ao 2006.
2. Os complementos de singularización funcional é preciso calculalos considerando o salario base anual (15 pagas) e non sobre o salario base mensual (12 pagas) tal e como propón Xerencia.
3. A xerencia ten que definir a que categorías ou postos singularizados lle outorga os pluses. A relación de complementos definida no actual Convenio ten que ter a súa correspondencia na nova proposta.
4. A suba que se propón para o grupo IV non pode estar ligada a ningún proceso de transformación. Calquera proceso formativo que se considere necesario para a nova categoría realizárase unha vez consolidada esta como formación obrigatoria a realizar en tempo de traballo.
5. A homologación retributiva con niveis do PAS funcionario é preciso mantela ao longo do tempo, de tal xeito que as categorías homologadas teñan, a partir da sinatura do Convenio, idénticos incrementos económicos. Para conseguir este obxectivo propoñemos a seguinte adicional: "Co obxectivo de manter no tempo a homologación salarial co persoal de administración e servizos funcionarios, todo incremento retributivo que se lle aplique durante a vixencia do Convenio aos distintos niveis da táboa funcional, repercutirá automaticamente nas categorías e postos singularizados do persoal laboral homologados aos referidos niveis". Ver táboa que se achega.
6. É preciso considerar un plus de homologación para evitar complementos persoais transitorios, pluses ad personam ou calquera outro similar.
7. Para o complemento de xornada partida propomos un incremento do 6% subindo, polo tanto, a **2.670,82**.
8. A paga de produtividade forma parte dos dereitos económicos consolidados, polo tanto, as subas do Convenio non poden facerse a conta deste concepto.

CC OO, chama a todos os traballadores e traballadoras a mobilizarse para conseguir un Convenio xusto que recoñeza os nosos dereitos laborais. A partir do luns 16 de outubro CC OO dará a coñecer un calendario de mobilizacións e acudiremos aos distintos campus a informar sobre a situación actual.

CC OO, intentará facer as distintas accións xunto co resto dos sindicatos sempre e cando coincidan coa estratexia que estamos a propor.

CONVENIO XUSTO XA!

**COMPAÑEIRO E COMPAÑEIRA É TEMPO DE
MOBILIZARNOS!**